

**PARTICIPA NO PROXECTO****ABRINDO ESPAZOS DE BIODIVERSIDADE**

*Que vos parece se facemos un estudo da biodiversidade nunha parcela do xardín do noso instituto?*

**COMO FACER?**

*Descarga no teu móbil **Epicollect5** e **Plantnet.org** e fai as tuas aportacións.*

Convirte o teu móbil nun instrumento científico para facer un **estudio da flora** presente nos arredores do noso instituto. Con este proxecto preténdese localizar e identificar a inmensa variedade de especies de flora silvestre que nos rodea. Tan só terás que descargar a aplicación Epicollect 5 e empezar a engadir imaxes das **especies silvestres** que máis te gusten acompañadas (eso sí) do seu nome científico. Para axudarte na identificación podes descargar outra aplicación chamada Plantnet.org, que poderás usar como guía.

Moitas "malezas" urbanas silvestres teñen grande importancia pola cantidade de néctar e pole que proporciona cada flor, a miúdo moito máis que outras variedade de plantas de xardín. Un exemplo é o coñecido dente de león. As plantas de camiño e parede tamén son importantes como fontes de alimentos de inverno cando hai menos flores dispoñibles para insectos como os abellóns. "Debaixo das raíces créanse pequenos microhábitats que soportan cochinillas, vermes, recolectores, lesmas, ... que á súa vez se converten no alimento para paxaros e ourizos"....

Se cambiamos a nosa percepción e empezamos a ver as flores e demais especies silvestres como canles de vida, sobre todo agora na primavera, aprenderemos tamén a valorar a súa beleza e a necesidade da súa presenza. E só coñecéndoas, aprenderemos a respetalas.

1. Buscar unha planta que cumpra os requisitos para ser fotografada.
2. Identificación: baixade esta aplicación de móbil para identificar plantas <https://plantnet.org>
3. Unha vez identificada a planta, xa a tes lista para subila e facer unha aportación ó noso proxecto.
4. Descarga no teu móbil Epicollect 5 e xa podes empezar. Só tes que seguir os pasos que se indican.

**A PARTICIPACIÓN NESTE PROXECTO É VOLUNTARIA PERO AS TUAS APORTACIÓNS SUMARANSE Á NOSA BASE DE DATOS E CON ELAS ESTARÁS CONTRIBUINDO A QUE TOD@S APRENDAMOS A VALORAR A IMPORTANCIA DA BIODIVERSIDADE**

